



RESOLUCIÓN DA XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE, POLA QUE APROBA NOVA LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS NA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN DUN POSTO DE XEFE/A DE SERVIZO DE CIRURXÍA ORTOPÉDICA E TRAUMATOLOXÍA, CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DO 18 DE OUTUBRO DE 2023 (DOG Nº 202, DO 24 DE OUTUBRO)

Mediante Resolución do 18 de outubro de 2023 (anuncio no DOG n.º 202, do 24 de outubro), publicouse a convocatoria pública para a provisión, polo procedemento de avaliación colexiada, dun posto de Xefe/a de Servizo de Cirurxía Ortopédica e Traumatoloxía.

Por Resolución do 29 de decembro de 2023 aprobouse a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as na convocatoria sinalada no parágrafo anterior.

En data 13 de febreiro de 2024, a Directora Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde resolve estimar o recurso de alzada presentado por José Señarís Rodríguez contra a Resolución do 18 de outubro de 2023, da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee, pola que se convoca a provisión, polo procedemento de avaliación colexiada, dun posto de Xefe/a de Servizo de Cirurxía Ortopédica e Traumatoloxía.

En execución da resolución do recurso de alzada, mediante Anuncio do 26 de febreiro de 2024 (DOG n.º 47, do 6 de marzo) dáse publicidade á resolución da mesma data pola que se retrotrae o procedemento de selección, polo sistema de avaliación colexiada, dun posto de Xefe/a de Servizo de Cirurxía Ortopédica e Traumatoloxía da Área Sanitaria da Coruña e Cee, ao momento da publicación da convocatoria, se rectifica o anexo II da mesma e se amplía o prazo de presentación de solicitudes en quince días, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no Diario Oficial de Galicia.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes sinalado no parágrafo anterior, esta Xerencia,

RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar e publicar a nova relación provisional de persoas admitidas e excluídas para participar no procedemento:

SOLICITANTE	DNI (*)	ESTADO
Codesido Vilar, Pablo Ignacio	***6033**	Admitido
Freire Ruaño, Alicia	***2669**	Admitida
De la Fuente González, César	***3407**	Admitido
Jorge Mora, Alberto Agustín	***8417**	Admitido
Martínez Regueira, Manuel María	***8994**	Admitido
Señarís Rodríguez, José	***5376**	Admitido

(*) Ocúltase parcialmente o número do documento nacional de identidade para preservar os datos de carácter persoal.

Segundo.- Tal e como establece a base quinta da convocatoria, os/as aspirantes excluídos, así como os omitidos por non figurar nas listas de admitidos nin de excluídos, disporán dun prazo de 5 días hábiles,



contados a partir do seguinte ao da publicación da presente resolución, para poder emendar, de ser o caso, o defecto ou defectos que motivasen a exclusión.

As reclamacións contra este listado provisional de admitidos e excluídos serán estimadas ou desestimadas por medio da resolución pola que se publique a listaxe definitiva de admitidos e excluídos.

DILIXENCIA:

Para facer constar que na data da súa sinatura dixital procédese a publicación da presente resolución

Asinado dixitalmente na Coruña,
Javier Fernández Nistal
O DIRECTOR DE RR.HH.

Asinado dixitalmente na Coruña,
O XERENTE DA ÁREA SANITARIA DA
CORUÑA E CEE

Luis Verde Remeseiro

